





# Guía de recursos do sistema de protección de menores





# Guía de recursos do sistema de protección menores

**Xunta de Galicia**  
Consellería de Traballo e Benestar  
Dirección Xeral de Familia e Inclusión

2013

**Elaboración:**

Dirección Xeral de Familia e Inclusión  
Subdirección Xeral de Familia e Menores

**Edita:**

Consellería de Traballo e Benestar  
Dirección Xeral de Familia e Inclusión

**Maquetación:**

Antonio Lameiro Ces

## Índice

Presentación .....	5
<b>A) De detección</b> .....	8
A.1 Liña de axuda á infancia: 116111 .....	9
A.2 Rexistro unificado de maltrato infantil (RUMI).....	9
A.3 Guía para a detección do maltrato infantil e follas de notificación. ....	10
<b>B) De apoio e intervención coa familia e os menores</b> .....	11
B.1 Gabinetes de orientación familiar (GOF).....	11
B.2 Mediación familiar.....	11
B.3 Puntos de encontro familiar .....	12
B.4 Programa de integración familiar (PIF).....	12
B.5 Atención de día .....	13
B.6 Programa de avaliación e tratamento terapéutico .....	13
B.7 Programa de intervención ambulatoria con adolescentes .....	13
B.8 Programa de inserción Sociolaboral MENTOR.....	14
B.9 Programas de apoio socioeducativos e de tempo libre.....	14
<b>C) De acollemento</b> .....	15
C.1 Acollemento familiar.....	16
C.2 Acollemento residencial.....	17
<b>D) Adopción</b> .....	18
D.1 Adopción nacional.....	19
D.2 Adopción internacional .....	20
D.3 Portal galego de adopcións .....	20



## Presentación

O problema do maltrato e abandono na infancia no seo da familia é un fenómeno que afecta a un gran número de nenas e nenos. Algunhas das cifras que se barallan sobre a incidencia e prevalencia dos malos tratos a f rman que o maltrato infantil coñecido representa tan só entre un 10% e un 20% dos casos, de xeito que a magnitude real do problema é descoñecida; polo que cantos máis sensores sociais existan, máis casos se coñecerán. Por iso, cando se trata de sensibilizar acerca deste fenómeno, búscase chegar á maior parte do maltrato realmente existente.

A finalidade do sistema de protección á infancia é detectar o maior número de casos de desprotección, garantindo a integración do menor nos seus grupos naturais de convivencia, en condicións básicas dabondo que posibiliten a súa participación na vida familiar e o seu desenvolvemento como persoa, potenciándoos para que poidan funcionar como contextos educativos axeitados.

Pero este non é labor unicamente da administración pública; nin a poboación en xeral nin os profesionais en contacto coa infancia poden nin deben negar ou delegar a súa responsabilidade na abordaxe desta problemática. Todos somos responsables do benestar das nenas e nenos que nos rodean.

Consciente desta responsabilidade, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pon en marcha esta guía co obxectivo de proporcionar información que axude os profesionais dos diferentes colectivos que traballan coa infancia, a actuar de xeito correcto e eficaz ante problemáticas destas características.

Así, na *Guía de recursos do sistema de protección de menores* proporciónase información sobre os sistemas de detección do maltrato, as medidas de protección, os recursos, os programas, as axudas e os sistemas de asesoramento que a Xunta de Galicia ten para atender as nenas e nenos que poidan encontrarse en situación de especial vulnerabilidade.

Neste sentido esta guía aspira a ser unha ferramenta de traballo para que os profesionais e as familias coñezan os recursos dispoñibles en Galicia.

Confiamos na súa utilidade para as e os profesionais dos servizos sociais, educativos, sanitarios, policiais, xudiciais, e outros axentes mediadores que traballen en ámbitos comunitarios de proximidade, como os de igualdade, inserción laboral, desenvolvemento rural e/ou formación.

A conselleira de Traballo e Benestar

Beatriz Mato Otero





## Guía de recursos do sistema de protección de menores

O sistema autonómico de protección á infancia está formado por un conxunto de medios persoais e materiais, organizados en recursos e programas, que entran en funcionamento cando se detecta que un ou unha menor que reside ou se atopa temporalmente en Galicia está en situación de desprotección.

### Constitúen situacións de desprotección as de risco e as de desamparo.

Considérase situación de desamparo a que se produce de feito por causa do incumprimento ou do posible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores de idade, cando estas queden privadas da necesaria asistencia moral ou material.

Considérase situación de risco a que se produce de feito cando a persoa menor de idade, sen estar privada no seu ámbito familiar da necesaria asistencia moral ou material, se ve afectada por calquera circunstancia que prexudique o seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo e que permita razoablemente temer que no futuro poida estar incurso nunha situación de desamparo, inadaptación ou de exclusión social.

Para iso, a Xunta dispón dos equipos técnicos do menor, localizados nas xefaturas territoriais das catro provincias e formados por profesionais de diversas disciplinas (pedagogía, psicoloxía, traballo social, educación social e dereito) encargados da valoración e intervención en desamparo e risco.

Son estes equipos os encargados de propoñer as medidas de protección así como de administrar os programas e buscar a casación ou adecuación das necesidades das nenas e nenos coas posibilidades da Xunta de Galicia para facer fronte a estas situacións sociais.



Ademais, desde a Dirección Xeral de Familia e Inclusión lévase a cabo a xerencia técnica dos programas e recursos, sendo en última instancia a entidade responsable da protección á infancia galega.

A continuación recóllese unha referencia aos recursos e programas dos que a dirección xeral dispón a día de hoxe:

## A) De detección

Calquera persoa que teña algunha responsabilidade sobre un ou unha menor está obrigada a lle dispensar a atención e os cuidados necesarios, dentro das súas posibilidades, para que poida gozar dunhas condicións de vida dignas. Ademais toda persoa, e en especial quen por razón da súa profesión ou función teña coñecemento dunha situación de risco ou posible desamparo dun ou dunha menor debe prestarlle o auxilio inmediato que precise e poñelo en coñecemento das autoridades.


A detección dun posible caso de desprotección pode notificarse aos equipos técnicos do menor a través de calquera medio (escrito, en comparecencia persoal, telefónico, electrónico...) e pode levarse a cabo desde instancias moi diversas: servizos sociais comunitarios, centros escolares, centros sanitarios, policía, fiscalías, xulgados, particulares, os propios menores, as súas familias...

Pero existen certos instrumentos específicos para facilitar a detección e notificación do maltrato. Son os seguintes:

### A.1 Liña de axuda á infancia: 116111

É unha liña telefónica gratuita, atendida por persoal especializado e que funciona as 24 horas do día, para atender nenos e nenas que precisan axuda. Serve para que estes poidan expresar libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que lles afecten directamente e avisar a alguén que poida proporcionarlles axuda en caso de urxencia. Serve tamén para que calquera persoa poida notificar, de forma anónima se así o desexa, unha situación que considera de risco ou desatención para un neno ou nena. Todas as notificacións son remitidas de forma inmediata aos equipos técnicos do menor encargados de investigar e valorar as circunstancias de cada caso.

Liña de axuda á infancia: 116111



INFANCIA  
**116111**

Pódese acceder á aplicación a través do enderezo web <http://rumi.benestar.xunta.es>, cunha clave de usuario e un contrasinal que no seu día foi comunicado a todas as persoas usuarias. Se non lembra o contrasinal pode solicitar un novo ao administrador do sistema, chamando ao teléfono 981 545 661.

Rexistro unificado de maltrato infantil (RUMI)



As comunicacións de sospeita de maltrato quedan rexistradas e recíbense de xeito inmediato no equipo técnico do menor da xefatura territorial que corresponda. A partir deste momento porase en marcha un protocolo de actuación encamiñado, nun primeiro momento, a comprobar a veracidade ou non do maltrato e, a continuación, a aplicar as medidas oportunas segundo o caso.

### A.3 Guía para a detección do maltrato infantil e follas de notificación.

A guía, dispoñible a través da páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, (<http://benestar.xunta.es>) pretende solucionar as dúbidas e dificultades coas que se atopan os profesionais á hora de identificar correctamente os indicadores de maltrato e actuar ante a súa detección.

Incorpora as follas de notificación, versión en papel dos formularios de notificación do RUMI, que posibilitan a notificación de sospeitas de maltrato a través dun conxunto de indicadores diferenciados para as distintas tipoloxías de maltrato infantil.

#### Guía para a detección do maltrato infantil

A close-up photograph of a child's eyes, looking directly at the camera. The eyes are large and expressive, with dark irises. The background is a soft, out-of-focus grey.

GUÍA PARA A  
DETECCIÓN DO  
MALTRATO INFANTIL

## B) De apoio e intervención coa familia e os menores

Cando se detecta unha situación de risco ou desamparo débense avaliar as circunstancias e factores concorrentes e programar unha intervención co menor e coa súa familia, sempre que isto último sexa posible. O obxectivo da intervención familiar é modificar as circunstancias que deron lugar á situación de desprotección. Para isto, as actuacións tenderán á mellora do medio familiar e á capacitación dos pais e nais para atenderen axeitadamente as necesidades do neno ou nena, de xeito que sexa posible a súa permanencia neste medio ou, se fose necesario separalo del, que poida regresar en condicións de seguridade o antes posible.

Para acadar estes obxectivos a Dirección Xeral de Familia e Inclusión dispón dos programas e recursos seguintes:

### B.1 Gabinetes de orientación familiar (GOF)

Os gabinetes de orientación familiar son equipos técnicos de carácter multidisciplinar, compostos por profesionais do ámbito da psicoloxía, do traballo social e do dereito.

Atenden problemas relacionados con procesos de conflito familiar, dificultades de relación entre os membros da familia e situacións que impliquen un risco de ruptura con consecuencias desfavorables para os seus integrantes, tales como conflitos conxugais, crises paterno-filiais ou conflitos con outros membros da familia que interfieren na funcionalidade do núcleo familiar.

Ofrecen información sobre os recursos dispoñibles, formación (proporcionándolles ás familias as habilidades necesarias para que a dinámica familiar se vexa fortalecida), axuda persoal e emocional, orientación e asesoramento na toma de decisións, así como terapia e tratamento.

### B.2 Mediación familiar

A través da mediación familiar, unha persoa allea que actúa de forma neutral, imparcial e confidencial (o mediador) facilita a comunicación entre os membros da familia, co fin de que xestionen por si mesmos unha solución aos conflitos que os afecten.

Con este procedemento favorécese a procura común de solucións satisfactorias para as partes e duradeiras no tempo, minimízase o custo emocional que todo conflito produce en todos os membros da familia e evítase a instrumentalización dos demais membros da familia, e, en especial, das e dos menores.

### B.3 Puntos de encontro familiar

Os puntos de encontro familiar son un servizo que facilita o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente entre as/os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas resulta difícil ou confuso.

A intervención profesional no punto de encontro pódese limitar á supervisión da entrega e recollida da ou do menor, cando o réxime de visitas non se vai executar no propio centro; a poñer a disposición das familias un lugar neutral e cómodo para realizar as visitas, especialmente cando o proxenitor non dispón de vivenda na localidade onde poidan realizarse; ou ben en controlar e supervisar os contactos entre o neno ou nena e a persoa visitante.

Tamén desenvolven programas psicosocioeducativos individualizados de intervención coas familias e as/os menores, co obxecto de acadar a normalización das relacións familiares, e ofrecen orientación e asesoramento para favorecer a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.

### B.4 Programa de integración familiar (PIF)

Este programa, mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial nos núcleos familiares, ten un dobre obxectivo:

- Acadar a integración familiar de menores separados das súas familias, especialmente os institucionalizados nun centro (reunificación familiar).
- Evitar a separación familiar e o previsible internamento das nenas e nenos (preservación familiar).

Leva a cabo unha intervención integral que abrangue as áreas de intervención psico-social (transmitindo estratexias que melloren o funcionamento persoal, familiar e social), de atención infantil (para garantir unha convivencia en condicións de seguridade e afecto para os nenos e nenas), de educación familiar (para a adquisición de habilidades e hábitos de cara a cubrir as necesidades dos/as menores), de terapia familiar (para resolver problemas psicolóxicos, de relación e de conducta), de inserción laboral (para facilitar a incorporación no mercado laboral dos pais das e dos menores que permita a estabilidade económica e social do núcleo familiar), de reforzo escolar, respiro familiar, etc.

## **B.5 Atención de día**

Mediante o Programa de atención de día préstaselles aos e ás menores en situación de risco ou desamparo a cobertura das súas necesidades básicas en materia de alimentación, hixiene e vestido, apoio escolar , educación nas habilidades básicas, animación planificada do tempo libre e orientación psicoeducativa. Ademais lévase a cabo unha intervención socioeducativa coa familia de xeito que se favoreza o seu proceso de normalización .

## **B.6 Programa de avaliación e tratamento terapéutico**

Trátase dun programa de tratamento terapéutico destinado a menores que presentan desaxustes emocionais e de conduta severos, orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa separación da súa familia orixinada pola situación de desamparo, ou coa existencia de dificultades severas ou crónicas na convivencia dentro da súa familia, tamén relacionadas coa situación de desprotección que sufriron.

## **B.7 Programa de intervención ambulatoria con adolescentes**

Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socioeducativo dos/as menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar , pertenza a cuadrillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc.

## B.8 Programa de inserción sociolaboral MENTOR

O Programa Mentor pretende a inserción sociolaboral de mozos/as maiores de 16 anos, e menores de 21 (ampliabile ata os 25 en casos excepcionais), que estean ou estivesen tutelados/as ou en situación de garda pola Xunta de Galicia, e que queiran incorporarse ao mundo laboral. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida destes mozos por medio dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente, de maneira que ao acadaren a maioría de idade poidan ser plenamente autónomos.

Os traballos de asesoramento e acompañamento á formación, busca de emprego e inserción laboral complementáanse con vivendas tuteladas, asistidas por persoal educativo, nas que os/as mozos participantes no programa se preparan para a vida independente.



## B.9.- Programas de apoio socioeducativos e de tempo libre

Dirixidos a menores en situación de risco social ou desprotección, especialmente adolescentes, teñen por obxecto favorecer procesos de inserción social das e dos menores e as súas familias a través dunha intervención socioeducativa e preventiva en diversos ámbitos: apoio e reforzo escolar , actividades de lecer , formación pre-laboral, mediación escolar, mediación familiar e intervención comunitaria.



## C) De acollemento

Cando un neno, nena ou adolescente se atopa en situación de desamparo, a entidade pública de protección (Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión) debe asumir a súa tutela. Isto implica que a patria potestade dos pais queda suspendida e a Xunta de Galicia pasa a exercer as facultades e obrigas que lles corresponderían a aqueles. Unha destas facultades e obrigas é a garda das e dos menores.

Noutras ocasións, os pais non poden temporalmente facerse cargo dos seus fillos ou fillas e solicitan á Xunta de Galicia que asuma a súa garda.

**A garda, como medida de protección da e do menor, supón para quen a exerce a obriga de velar pola persoa menor de idade, tela na súa compañía, alimentala, educala e procurar-lle unha atención e formación integral.**

En ambos casos, sexa por imperativo legal (tutela) ou por petición dos pais (garda voluntaria) o neno ou nena é separado/a da súa familia e correspóndelle á Xunta de Galicia proporcionarlle alimento, coidado, educación, saúde, compañía, afecto...

A garda da ou do menor durará o tempo imprescindible en canto perduren as circunstancias que deron lugar a asumila. Durante ese tempo procurarase que as relacións familiares e sociais do neno ou nena sufran as menores alteracións, mantendo visitas e contactos cos pais e demais familiares (a menos que resulte prexudicial para o neno/a) e atendendo en todo momento á súa reintegración na familia de orixe.

A garda exércese a través do acollemento, que consiste na integración do neno ou nena nunha familia acolledora (acollemento familiar) ou no seu aloxamento e atención nun centro axeitado (acollemento residencial).

## C.1 Acollemento familiar.

Mediante este tipo de acollemento outórgase a garda dunha ou dun menor a unha persoa ou núcleo familiar coa obriga de coidalo, alimentalo, educalo por un tempo co fin de integralo nunha vida familiar que substitúa ou complementa temporalmente a súa familia biolóxica.

O seu obxectivo xeral é garantir o dereito dos nenos e nenas a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

Os acollementos poden facerse na familia extensa do menor (isto é, cando existen vínculos de parentesco entre a familia acolledora e o neno, nena ou adolescente: avós, tíos, irmáns...) ou ben en familias alleas (cando non existe parentesco). Sempre que sexa posible, e que as circunstancias propias do caso non o desaconsellen, considérase prioritario que o acollemento se faga na familia extensa, para favorecer a permanencia da ou do menor no seu propio ambiente.



### - Programa de familias acolledoras

Co obxecto de fomentar o acollemento familiar das e dos menores que necesitan unha familia de xeito temporal, desenvólvese un programa específico de captación, selección e apoio a estas familias.

## - Guía de acollemento familiar

## Guía de acollemento familiar



Esta guía, dispoñible na páxina web da consellería de Traballo e Benestar, (<http://benestar.xunta.es>) ten por obxecto mellorar o coñecemento desta medida entre os profesionais, principalmente entre os traballadores e traballadoras dos servizos sociais dos concellos. Uns e unhas profesionais que están moi preto das familias, detectan as situacións de risco, elaboran o plan de traballo coas familias e levan a cabo o seguimento do acollemento.

## C.2 Acollemento residencial

Este programa ten por finalidade prestar atención nun centro a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable o acollemento familiar.

Os centros de protección de menores son aqueles que ofrecen aloxamento, asistencia integral e unha dotación de servizos e programas especialmente orientados a conseguir a normalización, e integración sociofamiliar das e dos menores acollidos/as.

Os centros deben reproducir as condicións de vida do/a menor da forma máis próxima á dunha familia normalizada, desde o formato da vivenda ata a súa atención integral e compensadora das súas deficiencias.

Todos os centros deberán proporcionar unha atención comprensiva das seguintes prestacións: aloxamento, mantenza, apoio psicosocial e educativo, seguimento escolar, promoción da saúde, animación planificada do tempo libre, formación nas



habilidades sociais básicas e colaboración, apoio e orientación ás familias das e dos menores.

O acollemento residencial ten carácter subsidiario respecto do familiar e das demais medidas de protección do ou da menor . Isto significa que só se poderá recorrer a este cando se esgotaren todas as posibilidades de mantemento do neno ou nena na súa familia e outras opcións, como o acollemento familiar ou a adopción, non sexan posibles ou se consideren inadecuados.

## D) Adopción

A finalidade deste programa é proporcionar aos/ás menores en situación legal de seren adoptados, unha familia que satisfaga as súas necesidades afectivas, socio-educativas e de desenvolvemento persoal, facendo prevalecer o interese das nenas e nenos sobre calquera outros.

**A adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta, nunha familia distinta á súa familia de orixe.**

As familias adoptantes son, previamente, valoradas polos equipos técnicos de adopción co fin de seleccionar a mellor familia para o/a menor.

## D.1 Adopción nacional

Na nosa comunidade autónoma as nenas e nenos menores susceptibles de seren adoptados son tutelados pola Xunta de Galicia, quen se encarga de propoñer a adopción ao xuíz.

A adopción nacional é xestionada integramente polos equipos integrados nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e na Dirección Xeral de Familia e Inclusión, que proporcionan información básica sobre o proceso, ofrecen formación preadoptiva, valoran os solicitantes e propoñen ao xuíz a adopción dun neno ou nena por unha familia determinada.

### - Programa de adopcións especiais

Dentro do programa de adopción nacional, dada a dificultade de atopar familias adoptivas para os nenos e nenas con algunha circunstancia especial (adolescentes, grupos de irmáns, menores con enfermidades ou discapacidades...) e da maior complexidade que pode presentar a súa integración, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión xestiona o programa de adopcións especiais a través do que se buscan familias interesadas, se lles ofrece formación adicional e se lles proporciona apoio na integración no caso de levarse a cabo a adopción.

### Programa de adopcións especiais



## D.2 Adopción internacional

O programa de adopción internacional ten por obxecto a xestión do proceso adoptivo daquelas familias interesadas en adoptar un neno ou nena procedente doutro país. Na adopción internacional, ademais dos equipos técnicos das xefaturas territoriais e dos servizos centrais da dirección xeral, interveñen nalgúns casos as ECAI (Entidades colaboradoras de adopción internacional), que se encargan de tramitar a solicitude no país de orixe da ou do menor e de realizar o seguimento postadoptivo.

## D.3 Portal galego de adopcións

O Portal galego de adopcións ( <http://adopcions.xunta.es>) ten por obxecto ofrecer información actualizada, práctica e interactiva tanto ás persoas interesadas en adoptar, como a aquelas que están ou finalizaron xa o proceso: requisitos e documentación necesaria para adoptar , adopcións especiais, estatísticas, información sobre os países de adopción, guía interactiva para coñecer onde adoptar. Ademais, ofrece ás persoas usuarias a posibilidade de formular , a través do portal, todas as consultas que desexen e inscribirse ás sesións informativas e cursos de formación sobre adopción.

The image shows a screenshot of the 'Portal Galego de Adopcións' website. At the top, there is a blue banner with the text 'Portal galego de adopcións'. Below this, the website header includes the logo of the 'XUNTA DE GALICIA' and 'CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR'. The main navigation menu contains links for 'Actualizada', 'Novas', 'Eventos', 'Consultas', 'Descargas', and 'Preguntas Frecuentes'. The left sidebar lists various services: 'Información xeral', 'Adopción Nacional', 'Adopción Internacional', 'Estatísticas', 'Formativa', 'Sesións informativas', and 'Cursos de formación'. Below these are 'Acceso usuarios' with fields for 'Correo electrónico' and 'Contraseña'. The main content area features a 'Buscador xeral' (General Search) box and a 'Noticias' (News) section. The news section has a date '10/04/2013' and a headline 'VIETNAM: situación da adopción internacional e tramitación dos expedientes pendentes no país'. A central image shows a woman and a child, with a purple callout bubble stating 'Últimas novidades abril 2013'. At the bottom of the main content area, there is a paragraph: 'A adopción é un recurso legal dirixido a proporcionarlle un fogar permanente ao neno ou nena que se atopa en situación de abandono ou desamparo.'

Mais información: <http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-infancia>

## Portal de bienestar

The screenshot shows the 'Portal de bienestar' website interface. At the top, there is a navigation bar with the Xunta de Galicia logo and the text 'CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR'. Below this, a horizontal menu contains categories: 'infancia', 'familia', 'discapacidade', 'dependencia', 'comunidade e inclusión', and 'maiores'. A search bar is located on the right side of this menu.

On the left side, there is a vertical navigation menu with the following items: 'Temas', 'Infancia', 'Objetivos', 'Plan estratéxico galego da infancia e da adolescencia', 'Protección da Infancia', 'Conflictividade nos menores', 'Adopción', 'Recursos relacionados', 'Axudas e subvencións (1)', 'Normativa (23)', 'Centros (50)', and 'Listados de admitidos y de agarda (27)'. The 'Adopción' item is currently selected.

The main content area features a large quote icon and the text 'Subdirección Xeral de Familia e Menores'. Below this, there are two main sections:

- Adopción:** Includes an image of two children shaking hands and the text: 'Se estás interesado/a na adopción, coñece cales son os pasos a dar.' with a link 'Ir >>'.
- Liña de axuda á infancia:** Features the text 'TELÉFONOS DE ATENCIÓN E EMERXENCIA Liña de axuda á infancia' and a large number '116111' with 'INFANCIA' written above it. Below this is the title 'Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia' and an image of a child's face.







galicia